



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR HERMANOS QUIROGA
CURSO: 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
DATA: 11/05/2020



ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer no texto unha serie de datos e situacións determinadas.	Le diferentes textos progresando na comprensión.
Coñecer e usar as normas ortográficas e aplicalas nas súas producións escritas.	Coñece e aplica correctamente as normas de acentuación e as regras de uso do til nas súas producións escritas.
Coñecer, distinguir e valorar os diferentes xéneros literarios, como fonte de pracer, de entretenemento e aprendizaxe.	Coñece, distingue e valora os diferentes xéneros literarios, como fonte de pracer, de entretenemento e aprendizaxe.
Identificar os parágrafos dun texto, los diferentes tipos de texto e as distintas clases de enunciados.	Identifica os parágrafos dun texto, distingue diferentes tipos de texto e as súas estruturas, características, e identifica as distintas clases de enunciados.
Diferenciar oracións enunciativas afirmativas, enunciativas negativas, interrogativas, exclamativas, imperativas e desiderativas.	Recoñece e produce os diversos tipos de oracións según a actitude do falante: enunciativas afirmativas, enunciativas negativas, interrogativas, exclamativas, imperativas y desiderativas.
Coñecer e aplicar correctamente as regras do uso do til nas palabras con ditongo, tritongo ou hiato acentualas nos textos escritos.	Recoñece, dentro dun texto, as palabras con ditongo, tritongo ou hiato e as acentúa con corrección.
Interpretar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios, recoñecendo e interpretando algúns recursos do linguaxe literario (metáforas, comparacións e personificacións).	Interpreta o linguaxe figurado, metáforas, comparacións e personificacións nos textos literarios.
Recoñecer a estrutura dos textos narrativos.	Recoñece a estrutura dos textos narrativos.
Comprender o concepto de palabras variables e invariables, recoñecelas e utilízalas adecuadamente nos seus escritos.	Coñece, analiza e utiliza as palabras variables e invariables adecuadamente.
Coñecer e utilizar as normas ortográficas e aplicalas nas súas producións escritas: o til nas palabras monosílabas.	Coñece e utiliza as normas ortográficas e aplica as nas súas producións escritas: o til nas palabras monosílabas.
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Recoñece os conectores básicos dun texto.
Dominar e utilizar as normas ortográficas das letras e aplicalas.	Domina e utiliza as normas ortográficas das letras e sabe aplicalas.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Envío dun boletín de actividades aos alumnos onde poden atopar os exercicios e recursos interactivos de apoio.
Cualificación final	A cualificación final obterase a partir da media das cualificacións do primeiro e segundo trimestre. Se o alumnado fai todo o traballo da materia proposto, a nota final poderá subir ata un punto.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	A proposta de actividades é a seguinte: - Ler e interpretar textos narrativos, descritivos... - Inventar e producir pequenas composicións escritas. - Estudar e traballar os xéneros literarios. - Traballar a ortografía: signos de puntuación, regras xerais de acentuación e ortografía das letras. - Identificar as palabras variables e invariables, e as súas funcións. - Realizar dictados. - Copiar na libreta exercicios ou pequenos textos. - Traballar a gramática a partir de recursos interactivos. - Realizar exercicios de comprensión lectora. - Estudar a oración: suxeito e predicado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Moitas das actividades propostas realízanse en papel. Outras son actividades interactivas de reforzo para facer no ordenador, tablet ou teléfono.
Materiais e recursos	As actividades propostas realízanse en papel e con recursos caseiros. Tamén hai actividades interactivas de reforzo para ordenador, tablet ou teléfono.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias e publicidade	O alumnado será informado a través do medio que cada familia decidiu e contando sempre con todos os permisos oportunos. Este medio pode ser e-mail ou whatsapp. Dende o centro se publicitará toda a información referente ao terceiro trimestre por diversos medios así como por notificacións a través do sistema de ABALAR MÓBIL. En moitos casos o titor contactará directaente coas familias para comunicarlles a información que considere oportuna en fución da situación académica do seu fillo, esta comunicación será por correo electrónico ou a través de chamadas telefónicas.